

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025611	IES Monte das Moas	A Coruña	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

**Contido****Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	13

## 1. Introdución

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as ferramentas dixitais se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Polo tanto, un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os componen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas más adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

### Descripción:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Pensamento computacional: programación	Programación, desenvolvemento de programas	35	35	X		
2	Dispositivos dixitais e sistemas operativos	Configuración de dispositivos dixitais e sistemas operativos, organización da información	9	9		X	
3	Creación e edición de información e contidos dixitais	Documentación e comunicación dixital	28	30		X	
4	Ética e seguridade dixital	A pegada dixital e seguridade na rede	8	8			X
5	Pensamento computacional II	App Inventor, InkScape, SketchUp	20	23			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Pensamento computacional: programación	35

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Utilizar unha contorna de programación gráfica.	PE	30
CA3.2 - Desenvolver aplicaciones sinxelas para computadores, dispositivos ou móveis, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Desenvolver aplicaciones sinxelas para computadores, dispositivos ou móveis.	TI	70

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización de estruturas básicas de programación.</li> <li>- Uso de datos. Constantes e variables.</li> <li>- Desenvolvemento de aplicaciones sinxelas para computadores e/ou dispositivos móveis mediante contornas de programación gráfica.</li> </ul>	

UD	Título da UD	Duración
2	Dispositivos dixitais e sistemas operativos	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Identificar os elementos que configuran un equipamento informático e a súa función no conxunto.	PE	30
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Configurar un sistema operativo en función das súas necesidades persoais.	TI	70
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Organizar a información de maneira segura e eficaz.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración.</li> <li>- Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización.</li> <li>- Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.</li> </ul>	

UD	Título da UD	Duración
3	Creación e edición de información e contidos dixitais	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas más apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Empregar ferramentas dixitais para crear contidos	PE	30
CA2.2 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Organizar de forma segura contidos dixitais	TI	70
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Compartir e publicar contidos na Rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.</li> <li>- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na producción de información dixital.</li> <li>- Procesos de producción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos.</li> <li>- Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.</li> </ul>	

## Contidos

- Tratamento básico da imaxe dixital.
- Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia.
- Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

UD	Título da UD	Duración
4	Ética e seguridade dixital	8

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet.	PE	30
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Usar recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.		
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Xestionar contrasinais.	TI	70
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Identificar situacións que representan unha ameaza na rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais.
- Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.
- Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede.
- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

UD	Título da UD	Duración
5	Pensamento computacional II	23

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Utilizar unha contorna de programación gráfica.	PE	30
CA3.2 - Desenvolver aplicacíons sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Desenvolver aplicacíons sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles.	TI	70

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización de estruturas básicas de programación.</li> <li>- Uso de datos. Constantes e variables.</li> <li>- Desenvolvemento de aplicacíons sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado. Utilizarse unha metodoloxía activa con traballos prácticos, para coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián, que permitan mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas más axeitadas para producir documentos dixitais de diversos tipos e sempre respectando as licenzas e dereitos de autor.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos dixitais con metodoloxías que fomenten a resolución colaborativa e creativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, promovendo a participación do alumnado cunha visión integral da disciplina.

Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas prácticas e tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa más significativo e duradeiro.

O desenvolvemento de proxectos que teñan por obxectivo a creación de aplicacíons sinxelas que resolvan problemas afondarán no coñecemento do pensamento computacional.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais promoverá a liberdade de expresión e o respecto polos demás aplicando as normas da etiqueta dixital.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos que propón a sociedade para reducir a fenda dixital e de xénero, prestando especial atención á desaparición de estereotipos que dificultan a adquisición de competencias en condicións de igualdade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacíons dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Empregaránse métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando ao alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos más complexos que lle permita o seu logro e satisfacción poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro.

**Ordenador persoal - dispositivos dixitais**

Recursos e materiais de creación propia e recursos educativos abertos.

Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática,...) e de uso específico (editores de archivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.

Cada alumno/a terá acceso en todas as sesións a un ordenador persoal, con conexión a internet, no que se atopen instalados todos os programas informáticos necesarios. Tamén terán acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse unha proba práctica no ordenador ao comienzo de curso para avaliar os coñecementos básicos previos relacionados coa competencia dixital.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>35</b>	<b>9</b>	<b>28</b>	<b>8</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	30	30	30	30	30	<b>30</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	70	70	70	70	70	<b>70</b>

**Criterios de cualificación:**

### CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase que terán un peso do 70%; proba especial (que pode ser unha tarefa de clase con límite de tempo ou un cuestionario) cun peso do 30%. En caso de non existir a proba especial o peso desta reverterá sobre as tarefas de aula.

Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total en cada UD: 100%

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 evaluacións do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliação. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 evaluacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da nota final:

Nota final = 35% da 1<sup>a</sup> avaliação + 35% da 2<sup>a</sup> avaliação + 30% da 3<sup>a</sup> avaliação

**Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperarlos.

Nas 3 últimas semanas do curso o alumnado que o precise deberá realizar tarefas e probas obxectivas de recuperación no ordenador daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento.

O alumnado que na primeira semana de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media

ponderada das tres evaluaciones, podrá realizar actividades de refuerzo e ampliación que lle permitirán subir a suá cualificación nalgúnha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculara seguindo o mesmo criterio que anteriormente.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliação das materias pendentes

O alumnado que curse 4º de ESO pero teña a materia de Educación Dixital de 3º ESO pendente de superar, ao non tela superado no ano anterior deberán de realizar as seguintes actividades :

Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.

- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.

- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.

- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.

- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas obxectivas parciais realizadas no ordenador 50% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe/xefa de departamento quen faga o seguimento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Unha vez realizada a avaliação inicial e ante as dificultades individuais ou grupais detectadas poderase adecuar as agrupacións á hora do desenvolvemento dos proxectos e das prácticas en equipo, graduar o nivel de dificultade de ditas actividades e prestar unha atención más individualizada a aqueles alumnos/as que amosen máis carencias á hora de asimilación de contidos.

Plantéxase planificar as actuacións en diferentes ámbitos:

a) Respecto aos contidos:

Concrétanse e límitanse aqueles contidos imprescindibles, así como aqueles que contribúen ao desenvolvemento de capacidades xerais: comprensión, expresión verbal e gráfica, resolución de problemas, busca e selección da información, aplicación de técnicas e utilización adecuada de ferramentas tomando as medidas oportunas de seguridade, traballo en grupo e comunicación cos demás. Esta selección de contidos ten en conta o posible grao de dificultade, para, neste xeito, poder atender a prioridades, distribuíndo o tempo acorde con aquelas e fixando uns mínimos para todo o grupo, tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno e alumna.

b) Respecto ás estratexias didácticas:

Utilízanse distintas posibilidades que poidan favorecer o tratamento da diversidade na aula mediante unha serie de estratexias ligadas ao método e á organización interna dos grupos:

1. Plantéxanse actividades de aprendizaxe variadas que permitan diversos accesos ós contidos e con distintos graos de dificultade.

2. Contémplanse materiais didácticos diversos presentados de forma ordenada de maneira que cubran os pasos do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

3. Propónense distintas formas de agrupamento do alumnado adaptándose ós espazos da aula, de xeito que permitan o traballo individual máis ou menos dirixido, de pequeno ou gran grupo con certos niveis de liberdade e autonomía.

c) Respecto á avaliação:

Co fin de que a avaliação sexa o máis individualizada posible e que sirva para coñecer o progreso realizado por cada alumno e alumna e así poder orientar o proceso de aprendizaxe plantéxase:

1. Utilizar procedementos de avaliação inicial sinxelos e áxiles antes de realizar calquera proposta de traballo, ben sexa individual ou en grupo.

2. Ter en conta no momento de deseñar as actividades de avaliação, tanto de conceptos como de procedementos e actitudes, as diferentes habilidades que se traballaron na aula de informática e os distintos grados de dificultade das tarefas plantexadas. As probas escritas seguirán un esquema de avaliação continua e referidas aos contidos mínimos

de forma que se obteña unha idea clara do cumprimento individual dos obxectivos para a etapa.

3. Interpretar os criterios de avaliación en relación cos obxectivos didácticos que se previran, tendo en conta o punto de partida de cada alumno e alumna e o seu ritmo de aprendizaxe referidos ós contidos seleccionados.

Entre outras, contémplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (adaptacións curriculares)

## **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita		X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual	X		X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		X	X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X			X	
ET.7 - Educación emocional e en valores			X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde				X	
ET.11 - Formación estética	X		X		X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable				X	
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais			X		

### **Observacións:**

Comprensión lectora: tarefas de clase e proxectos nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas plantexados.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e linguaaxe técnica, traballando as técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos evitando os nesgos de xénero e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Iniciación segura á pegada dixital e redes sociais	Co obxecto de impulsar a importancia da ciberseguridade e o uso responsable dos dispositivos e as tecnoloxías desde idades tempras, participarán no obradoiro ¿Identidade Dixital e Xestión Segura das Redes Sociais?	X		
Programas educativos municipais do Concello da Coruña	Obradoiro de consumo responsable das tecnoloxías		X	

### Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desdenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso. Ao longo do curso, este partado poderá ser obxecto de revisión coa idea de engadir outras actividades ou eliminar alguma das actividades propostas.

Ademais, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.

Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica...
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
As actividades complementarias cumplieron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.

**Descripción:**

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual docentro ou na do plan Edixgal.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Segundo o análise obtido dos indicadores de logro, cabe a posibilidade de facer cambios na programación para mellorar a mesma. Farase:

A) Unha avaliación de progreso:

- Haberá que ir vendo o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades con respecto á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e a realidade das posibilidades educativas do centro.

- Valorarase tal axuste nas reunións de departamento e nas avaliacións e, se resulta pouco axeitado, haberá de modificarse durante o curso.

A) Unha avaliación final:

Facer unha enquisa ó alumnado ao finalizar o curso utilizando unha rúbrica para obter a súa opinión do grado de consecución dos obxectivos da materia. Nesa enquisa o alumno deberá valorar, coma mínimo:

- O grado de cumplimento dos obxectivos.
- A adecuación dos contidos ao nivel do curso.
- O grao de cumplimento das expectativas que tiña o alumno sobre a materia.
- A labor do profesor na impartición da materia, analizando:
  - A claridade nas explicacións.
  - A calidade do material empregado.
  - O grado de satisfacción na resolución de dúbidas.
- A adecuación das instalacións da aula para o desenvolvemento da materia.

Ao final de cada trimestre, mediante reunións de departamento, realizarase unha revisión da programación didáctica e da metodoloxía utilizada segundo os resultados obtidos en cada grupo.

A final de curso revisarase a temporalización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotaranse as modificacións na memoria final do Departamento e teranse en conta para a programación do curso seguinte.

## 9. Outros apartados

### 1. Contribución ao proxecto lector

O departamento promove o fomento da lectura, o desenvolvemento da lectura comprensiva de forma continuada e progresiva, a lectura de todo tipo de textos en soporte impreso ou dixital e a educación en información, empregando as tecnoloxías da comunicación e da información.

O plan lector concrétese coas seguintes medidas:

- Realizarase a lectura dun recorte de prensa, ou ben algunha actividade de busca de información con respecto a un tema concreto proposto na aula.
- O alumnado ten o material na aula virtual que debe ler para realizar as distintas actividades, o que require a comprensión lectora da documentación coa que se traballa.
- Empregamos distintos programas de escritura para realizar as distintas actividades propostas.
- Realízanse traballos de investigación que requieren búsqueda de información na rede.

### 2. Contribución ao Plan Tic

A natureza dos contidos propios da área de Tecnoloxía propician á contribución ao plan TIC do centro, dado que están incluidas no propio currículum da área:

- Exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC
- Utilización da Aula Virtual do centro como medio de comunicación
- Manexo dos principais programas ofimáticos: procesadores de texto, follas de cálculo, presentacións, edición de audio e vídeo, etc.
- Promoción da utilización dos servivios de Internet: consulta de páxinas web, correo electrónico, e transferencias de arquivos.

### 3. Contribución ao plan de convivencia

A través da materia establecemos unha serie de puntos que lle poidan servir ó profesorado como guía. Estas son algunas ideas:

- Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvélos de maneira pacífica.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración dos alumnos/as no centro.
- Fomentar actividades que potencien o respecto á diversidade.

### 4. Actuacións para o alumnado con dificultades educativas derivadas da fenda dixital.

Para aquel alumnado que non dispoña de medios dixitais ao seu alcance ofreceráselle a posibilidade de traballar con material de apoio ao texto que se lle fará chegar a través a dirección do centro quedando supervisado polo titor/a do alumno/a. Este material será entregado posteriormente ao profesorado para a súa corrección para poder así obter información do rendemento académico do alumnado que se atope nesta situación.

O material de apoio pode ser tanto boletíns de exercicios como actividades propostas de investigación, proxectos, e/ou tamén probas escritas, que o alumnado deberá entregar feito seguindo as instrucións dadas polo profesorado.